

# O voto dos emigrantes nas eleccións portuguesas

*António Filipe Rodrigues*

## Introdución

---

Portugal ten sido dende hai séculos un país de emigración, posuíndo numerosas comunidades de emigrantes nos máis diversos países e en varios continentes. Non existen números moi fiábeis sobre o número de cidadáns portugueses residentes no estranxeiro, aínda que os estudos máis recentes que acoden a informacións transmitidas polas embaixadas e consulados de Portugal –tendo por base as estatísticas dos países de acollida e inscricións consulares– estiman que en 1997 o número de portugueses residentes no estranxeiro era de 4.631.482<sup>(1)</sup>. Se consideramos que a poboación portuguesa residente no territorio nacional era, en 2004, de 10.501.970 persoas<sup>(2)</sup>, verificamos que unha parte moi significativa dos cidadáns con nacionalidade portuguesa residen fóra das propias fronteiras. De entre estes, o 29,51% viven en países europeos, o 56,99% no continente americano e o 11,67% en África.

Isto non significa que todos estes portugueses e portuguesas manteñan un vínculo coa comunidade nacional. Moitos manteñen a nacionalidade portuguesa en virtude dunha lei da nacionalidade que privilexia o principio do *jus sanguinis*<sup>(3)</sup>. De facto, a lei portuguesa considera que son portugueses de orixe os fillos de pai portugués ou nai portuguesa nados no estranxeiro, se o proxenitor portugués se encontra ao servizo do Estado portugués, ou en calquera caso, se declararan que queren ser portugueses ou se se inscribían no momento do nacemento no rexistro civil portugués. Así, moitos cidadáns descendentes de portugueses manteñen a nacionalidade dos ascendentes, aínda que poidan ter unha relación moi remota ou case inexistente con Portugal.

Este distanciamento reflíctese moito máis en materia de dereitos políticos. Mesmo entre os portugueses residentes no estranxeiro que manteñen lazos económicos, afectivos e culturais co país de orixe, moitos son os que non exercen, nin intentan exercer, os dereitos de cidadanía que a lei lles confire e non se rexistran no censo electoral que lles permite exercer o dereito de voto nas eleccións portuguesas. Na verdade, entre o vasto universo da emigración portuguesa, encontrábanse inscritos

---

(1) MATEUS JERÓNIMO, Helena; ROVISCO, Maria Luís; MATOS ALMEIDA, Cristina; e CARVALHO LOPES, José: *A emigración portuguesa: Uma breve introdución*, en GARCÍA, José Luís (org): *Portugal Migrante - Emigrantes e Imigrados, Dois Estudos Introdutórios*, Oeiras, Celta Editora, 2000, pp56-57.

(2) Datos do Instituto Nacional de Estatística, <http://www.ine.pt/>.

(3) Lei n° 31/87, de 3 de outubro, alterada pola Lei n° 25/94, de 19 de agosto e pola Lei Orgánica n° 1/2004, de 15 de xaneiro.

no censo electoral a finais de 2004, 100.885 cidadáns en Europa e 83.942 cidadáns no resto do mundo<sup>(4)</sup>. É que, ao contrario do que acontece cos cidadáns residentes no territorio nacional, para quen o censo é obrigatorio<sup>(5)</sup>, os residentes no estranxeiro non están obrigados a censarse, aínda que de querer, poden facelo nas embaixadas ou postos consulares.

Resta o caso dos cidadáns que, residindo no estranxeiro, se mantiveran censados en Portugal, normalmente na localidade onde residían antes de emigrar. Nese caso, manteñen o seu dereito de voto en Portugal dende que se delocalizan e non son considerados como residentes no estranxeiro a efectos electorais.

Vexamos entón en que actos electorais poden, ou non, participar os emigrantes.

Os cidadáns portugueses, en xeral, que teñan completado os 18 anos de idade son chamados a participar na elección do Presidente da República, da Asemblea da República, dos Deputados Portugueses ao Parlamento Europeo, dos órganos das autarquías locais (dos municipios, cámaras municipais e asembleas municipais, das freguesías e asembleas de freguesía), das Asembleas Legislativas das Rexións Autónomas das Azores e de Madeira, e aínda en referendos que poden ser de ámbito nacional, rexional ou local.

### **Eleccións locais e rexionais**

---

Hai actos electorais nos que os emigrantes non teñen dereito de votar nin a ser electos. Son os casos das eleccións para os órganos das autarquías locais e para as asembleas legislativas das rexións autónomas, así como dos referendos que sexan tan só de ámbito local ou rexional. Ou sexa: os emigrantes só poden participar en eleccións e actos referendarios que sexan de ámbito nacional.

Tanto as autarquías locais, como as Rexións Autónomas insulares das Azores e de Madeira son persoas colectivas de base territorial. Dado o carácter unitario do Estado portugués, non existe unha cidadanía rexional á par da cidadanía portuguesa, polo que o nexo relevante para a atribución de capacidade electoral activa e pasiva nas eleccións locais e rexionais é a residencia. Así, a Lei Electoral para as Autarquías Locais, atribúelle capacidade electoral aos cidadáns portugueses e a algúns cidadáns estranxeiros<sup>(6)</sup> que estean censados en territorio nacional, exercendo o

---

(4) Datos da Comisión Nacional de Eleccións, [http://www.cne.pt/\\_x.cfm?sec=04010000](http://www.cne.pt/_x.cfm?sec=04010000).

(5) Artigo 113º nº 2 da Constitución da República Portuguesa (CRP), e Lei do Censo Electoral (Lei nº 13/99, de 22 de marzo e respectivas alteracións). Véxase o texto actualizado en [http://www.cne.pt/Eleicoes/dlfiles/legis\\_livro\\_re2002\\_annotada.pdf](http://www.cne.pt/Eleicoes/dlfiles/legis_livro_re2002_annotada.pdf).

(6) En Portugal poden votar e ser elixidos para os órganos das autarquías lugares os cidadáns dos Estados membros da Unión Europea cando gocen legalmente de igual dereito que os cidadáns portugueses neses Estados; os cidadáns de países de lingua oficial portuguesa con residencia legal hai máis de dous anos (para votar) ou hai máis de catro anos (para seren elixidos) sempre que de igual dereito gocen os cidadáns portugueses nos respectivos Estados de orixe; e outros cidadáns con residencia legal en Portugal hai máis de tres anos (para votar) ou seis (para seren elixidos) sempre que sexan nacionais de países que, en condicións de reciprocidade, atribúan capacidade electoral activa aos portugueses neles residentes.

dereito de voto na circunscrición na que se censasen. A regra é a de que os cidadáns votan para os órganos das autarquías locais na freguesía e municipio nos que residen e nos que se atopan censados<sup>(7)</sup>. Por tanto, os emigrantes non votan.

Algo semellante acontece coa elección das asembleas lexislativas das rexións autónomas. A non ser que estas rexións sexan meras autarquías locais, dispendo de elevado grao de autonomía política, o dereito de voto estalles reservado aos residentes e non aos naturais. Votan os portugueses residentes e censados en cada rexión, independentemente da localidade na que teñan nacido. Non votan os naturais das rexións autónomas que residan no territorio continental portugués ou que residan noutro país.

Nótese por tanto que este principio non sempre foi unha conquista. O Estatuto Político-Administrativo da Rexión Autónoma das Azores e a Lei Electoral para esa Rexión Autónoma, aprobados en 1980<sup>(8)</sup>, consideraba electores, amais dos cidadáns inscritos no censo electoral no territorio rexional, tamén aos inscritos no restante territorio nacional e no estranxeiro, sempre que fosen naturais da Rexión. Estes cidadáns agruparíanse en dúas circunscricións electorais, unha abrangendo a totalidade do territorio nacional e outra o dos demais países. En 1982 as normas da Lei Electoral foron declaradas inconstitucionais polo Consello da Revolución<sup>(9)</sup> por violaren os principios constitucionais da soberanía popular, da unidade da soberanía, da unidade do Estado e da igualdade entre os cidadáns, o mesmo que lle ten sucedido ás normas de idéntico teor do Estatuto Político-Administrativo que foran declaradas inconstitucionais polo Tribunal Constitucional en 1999 con idénticos fundamentos<sup>(10)</sup>.

Na Rexión Autónoma da Madeira pasou algo de semellante. O Estatuto Político-Administrativo da Rexión aprobado en 1991<sup>(11)</sup> prevía a existencia de circunscricións electorais, fóra da Rexión, pero foi declarado inconstitucional polo Tribunal Constitucional<sup>(12)</sup>. Polo tanto, esa proposta viría a ser retomada pola Asemblea Lexislativa Rexional da Madeira en 1999<sup>(13)</sup> en sede de revisión do Estatuto da Rexión, mais sería retirada polos propoñentes logo do Acordo do Tribunal Constitucional relativo ao Estatuto das Azores.

Entre tanto, tales circunscricións nunca tiveron calquera concretización práctica, na medida en que os termos en que se procesa o censo electoral non

---

(7) A lei impón a coincidencia entre a localidade de residencia e a localidade de censo. Porén, non todos os cidadáns cumpren esa obrigación e mantéñense censados en lugares onde xa non residen. Neste último caso, votan obviamente no localidade onde están censados.

(8) Lei nº 39/80, de 5 de agosto e Decreto-Lei nº 267/80, de 8 de agosto.

(9) Resolución nº 68/82, de 22/04/82. Antes da existencia do Tribunal Constitucional era o Consello da Revolución o órgano competente para a fiscalización da constitucionalidade de diplomas.

(10) Acordo nº 630/99, de 17/11/99. A xurisprudencia constitucional portuguesa encóntrase dispoñíbel na páxina web do Tribunal Constitucional, <http://www.tribunalconstitucional.pt/>.

(11) Lei nº 13/91, de 5 de xuño.

(12) Acordo nº 1/91, de 28/02/91.

(13) Proposta de Lei nº 234/VII presentada na Asemblea da República pola Asemblea Lexislativa Rexional da Madeira en 28/01/1999. O texto de todas as iniciativas parlamentares encóntrase dispoñíbel na páxina web da Asemblea da República, <http://www.parlamento.pt/>.

permiten determinar o lugar de nacemento dos inscritos, nin tan sequera o seu lugar de residencia. Nunca existirán cadernos electorais para os naturais da Madeira ou das Azores.

Consecuentemente, cando se trate de referendos que teñan unicamente base rexional ou local, o voto dos emigrantes está tamén excluído, na medida en que non se encontran censados no espazo xeográfico en que o referendo se circunscribe.

Vexamos agora os actos electorais en que os emigrantes poden participar.

### **Eleccións para a Asemblea da República<sup>(14)</sup>**

Os portugueses residentes no estranxeiro que se rexistren no censo electoral poden votar e ser electos para a Asemblea da República. Para ese efecto, son agrupados en dúas circunscricións electorais, unha abrangendo todos os países europeos, e outra ao demais países do mundo.

Cada circunscrición elixe dous deputados. Así, catro dos 230 deputados da Asemblea da República fican reservados para a emigración. Cómpre mencionar que son as únicas circunscricións electorais cun número fixo de deputados a elixir. Os restantes 226 repártense proporcionalmente polas 20 restantes circunscricións, correspondendo a cada distrito do continente e cada unha das rexións autónomas.

As circunscricións da emigración constitúen a única excepción á regra da distribución proporcional do número de deputados a elixir. Serán sempre catro, independentemente do número de electores inscritos. Esta regra tiña a intención de impedir que un número por ventura esaxerado de deputados electos polos emigrantes puidese inclusivamente determinar a maioría parlamentar e gobernamental, sendo inxusto para a cidadanía residente en Portugal que vive máis directamente os problemas do país<sup>(15)</sup>. Acontece que, no entanto, o número de censados no estranxeiro torna esa preocupación meramente hipotética.

A conversión de votos en mandatos faise de igual xeito que nas demais circunscricións, segundo o método da media máis alta de Hondt. Isto fai que, dado o escaso número de deputados a elixir en cada circunscrición, a proporcionalidade da representación dos emigrantes sexa moi reducida. Dende 1987, só os dous maiores partidos conseguiron elixir deputados pola emigración.

O voto dos emigrantes para a Asemblea da República procésase por correo e regúlase por lei especial nos seguintes termos<sup>(16)</sup>: o Ministerio da Administración

(14) A Lei Electoral para a Asemblea da República é a Lei nº 14/79, de 16 de maio con sucesivas alteracións. Véxase o texto actualizado en <http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/lear2002.pdf>.

(15) ABRANTES MENDES, Maria de Fátima e MIGUÈIS, Jorge: *Lei Eleitoral da Asemblea da República*, Lisboa, edición dos autores, 1999, p28.

(16) A organización do proceso electoral no estranxeiro é regulada polo Decreto-Lei nº 95-C/76, de 30 de xaneiro, alterado pola Lei nº 10/95, de 7 de abril. Ver texto en [http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/processo\\_estrangeiro2002.pdf](http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/processo_estrangeiro2002.pdf).

Interna remite os boletíns de voto por vía postal para as residencias dos cidadáns inscritos no censo, acompañados de dous sobres. Un primeiro sobre destínase a conter o boletín co voto expreso e non conterà calquera outra indicación. O segundo sobre destínase a conter o primeiro e máis unha fotocopia da tarxeta de elector do votante, tendo no exterior a indicación do destinatario, que é a “Asemblea de recollida e reconto de votos dos residentes no estranxeiro” da respectiva circunscrición electoral (Europa ou de fóra de Europa). Ao remitente debe indicárselle no sobre o seu nome, residencia, consulado, país e o número de elector. O reconto dos votos efectúase en Lisboa no décimo día posterior á realización da elección no territorio nacional.

### **Eleccións para o Parlamento Europeo**

---

Até á súa última modificación no inicio de 2005<sup>(17)</sup> a Lei Electoral para o Parlamento Europeo<sup>(18)</sup> prevía a participación dos cidadáns portugueses residentes noutros países da Unión Europea, sempre que non optasen por votar no país onde residen, e apenas eses. Estaba por tanto excluído o voto dos emigrantes residentes en países que non integrasen a Unión Europea.

Todas as eleccións realizadas até o presente para a Parlamento Europeo decorreron nos mesmos termos das eleccións para a Asemblea da República, cuxa Lei Electoral se aplica subsidiariamente, e así, os emigrantes portugueses censados en países da Unión Europea que non optaran por votar nos países de residencia, votarán por correo, téndose organizado o proceso tal e como determina a lei reguladora do proceso electoral no estranxeiro.

Acontece polo tanto que a Lei Orgánica nº 1/2005, de 5 de xaneiro, posterior ao último acto electoral, veu alterar este estado das cousas para o futuro. Por un lado, atribúelle dereito de voto a todos os emigrantes censados en calquera país do mundo e non só nos países da Unión Europea, polo que os únicos excluídos serán os residentes en países da UE que opten por votar no país de residencia. Por outro lado, obriga a que o voto sexa directo e presencial. Ou sexa, afasta do voto por correo, tal como acontece –como veremos máis adiante– no caso das eleccións para o Presidente da República.

Así, nas próximas eleccións para o Parlamento Europeo, malia que a lei non o diga, terá que organizarse un proceso electoral con constitución de mesas de voto nos postos consulares, á semellanza das eleccións presidenciais. A outra solución sería obrigar aos emigrantes que pretendesen votar a delocalizarse ao territorio nacional, o que non é curial nin terá sido pretendido polo lexislador.

---

(17) Lei Orgánica nº 1/2005, de 5 de xaneiro.

(18) A Lei Electoral para o Parlamento Europeo é a Lei nº 14/87, de 29 de abril, con sucesivas alteracións. Véxase texto actualizado en [http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/legis\\_lepe\\_2005.pdf](http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/legis_lepe_2005.pdf).

## Eleccións para o Presidente da República

Até 1997 a Constitución Portuguesa non prevía a participación dos emigrantes nas eleccións do Presidente da República, que se efectúa por sufraxio directo e universal, para mandatos de cinco anos. A razón desa non participación radicaba na diferenza entre as eleccións parlamentares e presidenciais.

Nas circunscricións parlamentares o voto dos emigrantes conta apenas para a elección de deputados nos respectivos distritos, mentres que na elección presidencial, de circunscrición única, poderíase determinar a elección do Presidente da República en última instancia polos emigrantes contra a vontade da maioría dos residentes no territorio nacional. Incrementan estes argumentos outras consideracións como a da dificultade de realización da campaña electoral en condicións de igualdade en países con réximes políticos moi diversos, o menor contacto dos emigrantes coa realidade política nacional, e as dúbidas en canto á real fiabilidade democrática do voto por correo.

Se estes obstáculos eran soportábeis nas eleccións parlamentares en que estaba en causa apenas a elección de catro deputados, xa non o serían nas eleccións presidenciais.

A cuestión da participación dos emigrantes nas eleccións presidenciais foi durante moitos anos un dos puntos de fricción entre os partidos de dereita e de esquerda. Para os partidos de dereita (PSD e CDS), que sempre tiveran unha forte implantación electoral na emigración, o voto dos emigrantes foi unha bandeira de loita de moitos anos. As obxeccións ao voto dos emigrantes nas eleccións presidenciais viñeran sempre, na base dos argumentos apuntados máis arriba, da parte dos partidos de esquerda (PS e PCP).

Por tanto, en 1997 o PS alterou a súa posición e asinou co PSD un acordo para que unha Revisión Constitucional<sup>(19)</sup> fixera inscribir na Constitución o dereito de voto dos emigrantes nas eleccións presidenciais, en termos a regular por lei, debendo ter en conta para ese efecto, “a existencia de lazos de unión efectiva á comunidade nacional”<sup>(20)</sup>.

Eses lazos non se definen na Constitución, senón que a Constitución remíte-lle esa definición á Lei Electoral<sup>(21)</sup>, establecendo polo tanto que as disposicións legais que sobre esa materia teñen que ser aprobadas por maioría cualificada de dous terzos dos deputados<sup>(22)</sup>. Entre tanto, na disposición transitoria ficou dende logo establecido que se consideraban inscritos para a elección do Presidente da República os cidadáns residentes no estranxeiro que en 31 de decembro de 1996 xa se encontra-

(19) A revisión constitucional en Portugal carece de aprobación por maioría de dous terzos do Parlamento, o que esixe en principio o acordo dos dous maiores partidos (PS e PSD).

(20) Artigo 121º nº 2 da Constitución da República Portuguesa.

(21) A Lei Electoral para o Presidente da República é o Decreto-Lei nº 319-A/76, de 3 de maio, con sucesivas alteracións. Véxase texto actualizado en [http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/legis\\_lepr\\_2005.pdf](http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/legis_lepr_2005.pdf).

(22) Artigo 168º nº 6, liña c) da Constitución.

sen censados<sup>(23)</sup>. Os que se inscribisen despois desta data terían que esperar pola Lei Electoral para saber se reunirían ou non as condicións para votar.

A Lei Electoral para o Presidente da República foi revisada no ano 2000, mais non foi aprobada ningunha solución definitiva no tocante ao criterio para determinar os lazos de unión efectiva coa comunidade nacional. Porén, na falla de mellor solución, pasou a considerarse que eran electores do Presidente da República todos os cidadáns portugueses censados no estranxeiro ata á entrada en vigor da revisión da Lei, ou sexa, até 24 de agosto de 2000, e foi ese o universo electoral para as eleccións de 2001.

Entre tanto, recentemente, foi aprobada a Lei Orgánica nº 5/2005, de 8 de setembro, que veu clarificar as circunstancias electorais dos emigrantes no caso da elección do Presidente da República, definindo quen pode ser admitido ao censo para ese efecto.

A lei considera que son electores: a) os cidadáns portugueses residentes no estranxeiro que se encontren inscritos nos cadernos electorais para a elección da Asemblea da República na data de exposición ao público (8 de setembro de 2005); b) aqueles casos nos que a inscrición teña sido posterior, pero efectuada por transferencia de inscrición no territorio nacional ou de inscrición no estranxeiro anterior a aquela data; c) aqueles casos nos que a inscrición teña sido, ou veña a ser, efectuada coa idade de 18 anos; d) aqueles que teñan exercido o dereito de voto nas últimas eleccións da Asemblea da República.

E define tamén que son admitidos ao censo electoral no estranxeiro para efectos da elección do Presidente da República, os seguintes cidadáns portugueses residentes no estranxeiro: a) os titulares de órganos da Unión Europea e de organizacións internacionais; b) os diplomáticos e outros funcionarios e axentes en servizo en representacións externas do Estado; c) os funcionarios e axentes das comunidades e da Unión Europea e de organizacións internacionais; d) os profesores de escolas portuguesas, como tal recoñecidas polo Ministerio de Educación; e) os cooperantes, con estatuto como tal recoñecido polo Ministerio dos Negocios Estranxeiros; f) os cónxuxes ou equiparados, parentes ou aíns que vivan con cidadáns portugueses residentes no estranxeiro xa mencionados, sempre que cumpran os requisitos previstos da lei; g) os residentes nos Estados membros da Unión Europea ou nos países de lingua oficial portuguesa que teñan deixado de ter residencia habitual no territorio nacional dende hai menos de 15 anos; h) os residentes nos demais Estados no caso de teren deixado de residir habitualmente no territorio nacional hai menos de 10 anos; i) os cidadáns portugueses que se teñan asentado fóra de Portugal, que permaneceran neste país polo menos 30 días nos últimos cinco anos e que teñan feito proba de coñecemento da lingua portuguesa.

Este elenco non deixa de suscitar dificultades, na medida en que a lei non define a forma de demostrar a permanencia en Portugal por 30 días nos últimos cinco anos, nin como se proba o coñecemento da lingua portuguesa.

---

(23) Artigo 297º.

Dunha forma negativa, a lei establece que non son electores do Presidente da República os cidadáns portugueses que, sendo tamén cidadáns doutro Estado, residan no respectivo territorio, nin os que teñan obtido estatuto de igualdade de dereitos políticos nun país de lingua portuguesa.

Innovación relevante da Lei Electoral do Presidente da República foi a da esixencia do voto presencial, establecida no ano 2000. Ao contrario da elección da Asemblea da República, para a que o voto se exerce por correo, na elección do Presidente da República constitúense asembleas de voto nas seccións ou postos consulares que funcionan durante tres días (comezan a funcionar nos dous días anteriores á data marcada para a elección no territorio nacional e rematan en simultáneo). Os electores que queiran votar terán que se desprazar ás asembleas de voto.

### Referendos de ámbito nacional

---

A cuestión do dereito de voto dos emigrantes en referendos de ámbito nacional contén tamén un réxime particular. A Lei Orgánica do Réxime do Referendo<sup>(24)</sup> prevé que poderán ser chamados a participar en referendo os cidadáns residentes no estranxeiro que teñan dereito de voto nas eleccións para elixir Presidente da República sobre unha materia específica ao caso.

A definición do universo electoral, *máxime* a cuestión de saber se os emigrantes votan ou non en cada referendo, resólvese caso por caso en concreto. A entidade que propón o referendo, que pode ser a Asemblea da República ou o Goberno, define o respectivo universo electoral, e envía ao Presidente da República para que este tome unha decisión sobre a convocatoria ou non do referendo. A pesares diso esa decisión ten que ser sometida á apreciación do Tribunal Constitucional sobre a súa constitucionalidade, incluíndo nesa apreciación a cuestión do universo electoral.

Nos dous referendos realizados en Portugal até o presente non participaron os emigrantes. No referendo sobre a despenalización do aborto, celebrado o 28 de xuño de 1998, o Tribunal Constitucional considerou que só se xustificaría a participación dos emigrantes se a materia tivese unha particular incidencia relativamente aos intereses da emigración portuguesa<sup>(25)</sup>. No referendo de 8 de novembro de 1998 sobre a creación de rexións administrativas, entendeu o Tribunal Constitucional que non tendo eses cidadáns a vida organizada no territorio nacional, debido a que contaba con residencia no estranxeiro, non podía razoabelmente afirmarse que a institución en concreto das rexións administrativas tivese que ver especificamente coa situación deses cidadáns<sup>(26)</sup>.

---

(24) Lei nº 15-A/98, de 3 de abril, alterada pola Lei Orgánica nº 4/2005, de 8 de setembro. Véxase texto actualizado en [http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/legis\\_lorr\\_2005.pdf](http://www.cne.pt/Legislacao/dlfiles/legis_lorr_2005.pdf).

(25) Acordo nº 288/98, de 18 de abril.

(26) Acordo nº 532/98, de 30 de xullo.

Polo tanto, non houbo participación de emigrantes en referendos nacionais, malia que si a poida haber nalgúns casos. Se así acontecese, a Lei Orgánica do Réxime do Referendo deixa algúns problemas por resolver, dado que, por un lado, define o universo electoral por analoxía coas eleccións presidenciais e, por outro, considera como lexislación subsidiaria a Lei Electoral para a Asemblea da República, e no medio, non di nada sobre se o voto dos emigrantes sería presencial ou por correo, nin contén ningunha disposición sobre a organización do proceso referendario no estranxeiro. Tendo unha disposición que afirma que o dereito de sufraxio é exercido presencialmente, non prevé ningunha excepción para os emigrantes, e tende a considerar que o proceso electoral deberá ser organizado en termos semellantes ao das eleccións presidenciais. No entanto, a lei non é clara, polo que no futuro poderíase suscitar a dúbida.

### **Elección do Consello das Comunidades Portuguesas<sup>(27)</sup>**

---

Cómpre referir que os emigrantes portugueses son chamados a participar na elección dun órgano consultivo do Goberno para as políticas relativas á emigración e ás comunidades portuguesas, designado polo Consello das Comunidades Portuguesas. Este órgano está composto por un máximo de 100 representantes e elíxese por sufraxio directo e universal envolvendo a todos os emigrantes, en circunscricións electorais correspondentes a áreas consulares, grupos de áreas consulares, países ou grupos de países.

A definición do número de membros a elixir en cada circunscrición é proporcional ao número de electores nel inscritos, as candidaturas son por listas plurinominais; e a conversión de votos en mandatos faise segundo o método da media máis alta de Hondt.

### **Algúns datos sobre a participación electoral dos emigrantes**

---

Para finalizar, resulta importante incluír algúns datos sobre a participación electoral efectiva dos emigrantes nas eleccións portuguesas. Se recordarmos o número estimado de portugueses residentes no estranxeiro, que roldará os 4,5 millóns, estaremos forzados a concluír que en termos porcentuais o número de cidadáns interesados en participar nas eleccións portuguesas é relativamente diminuto. No entanto, esa participación é significativa para a comunidade nacional e existe un amplo consenso entre os partidos portugueses canto á garantía desa participación en termos adecuados.

O número de inscritos no censo electoral revela algunhas flutuacións de elección para elección, o que se relaciona co seu carácter voluntario e con algunha

---

(27) Lei n° 48/96, de 4 de setembro, alterada pola Lei n° 21/2002, de 21 de agosto.

movibilidade sempre asociada aos fluxos migratorios. Nótese que sempre que se detecta unha dupla inscrición, en razón da mudanza de residencia no estranxeiro ou por regreso a Portugal, a inscrición anterior é oficiosamente eliminada.

Nas últimas eleccións xerais para a Asemblea da República en febreiro de 2005, encontrábanse inscritos 146.374 cidadáns (73.879 en Europa e 72.475 fóra de Europa). Este número representa unha diminución en relación a situacións anteriores. En 2002, o número de inscritos era de 162.612 (85.538 en Europa e 77.074 fóra de Europa) e en 2001, ano en que por primeira vez os emigrantes puideron votar para elixir o Presidente da República, o número de inscritos era de 185.223 (101.712 en Europa e 83.511 fóra de Europa).

O número de votantes é moito máis reducido, sendo a participación dos emigrantes residentes en Europa un pouco maior. A taxa de participación en eleccións lexislativas no tocante aos residentes en Europa foi do 31,74% en 2005, do 27,9% en 2002 e do 26,5% en 1999. Fóra de Europa, esa participación foi do 18,61% en 2005, do 20,60% en 2002 e do 20,1% en 1999. A taxa de participación nas eleccións europeas foi do 20,8% en 2004 e do 16,5% en 1999. Xa en canto ás eleccións presidenciais, nas que o voto é presencial, os números baixan significativamente. En 2001, apenas votaran o 8,33% dos electores inscritos (8,04% en Europa e 8,68% fóra de Europa). Inverteuse aquí, aínda que lixeira e puntualmente, a tendencia para unha maior participación dos residentes en Europa. A elección do Consello das Comunidades Portuguesas non ten interese comparativo, na medida en que o universo electoral non se mide polo censo electoral senón polo rexistro consular, abrangendo 3.213.548 cidadáns. Destes, votaron na última elección do CCP 27.208 cidadáns.

## En conclusión

---

1. Os emigrantes portugueses teñen o dereito de participar nas eleccións á Asemblea da República, para a elección do Presidente da República e para a elección dos Deputados electos por Portugal para o Parlamento Europeo. Non votan en eleccións locais ou rexionais. Poden votar nalgúns casos de referendos nacionais. Elixen, en condicións específicas, o Consello das Comunidades Portuguesas. O censo electoral é facultativo.

2. O voto nas eleccións para a Asemblea da República é exercido por correo e atinxe á elección de catro dos 230 deputados da Asemblea da República (dous pola circunscrición electoral europea e dous pola circunscrición electoral do resto do mundo).

3. O voto nas eleccións para o Presidente da República é obrigatoriamente presencial, constituíndose Asembleas de voto nos postos consulares. Para ter dereito ao voto nestas eleccións é necesario que o cidadán teña lazos de vínculo efectivo á comunidade nacional, cuxos criterios están establecidos na lei.

4. O réxime de participación nas eleccións para o Parlamento Europeo foi recentemente alterado. No futuro, poderán votar os emigrantes residentes en calque-

ra país do mundo e non só os residentes na Unión Europea, mais o voto será presencial e non por correo.

5. Os emigrantes poderán votar en referendos nacionais que teñan particular incidencia relativamente aos intereses da emigración portuguesa, o que até estes momentos non se verificou.

6. O número de emigrantes inscritos para participar en actos electorais ten oscilado na última década entre un máximo de 185.223 cidadáns en 2001 e un mínimo de 146.374 cidadáns en 2005. A taxa de participación en voto por correo aproximase ao 30% de Europa e ao 20 % no resto do mundo. Sendo esixido o voto presencial, a taxa de participación global verificada foi do 8,3% en 2001.

---

*António Filipe Rodrigues é vicepresidente da Assembleia da República de Portugal, vicepresidente do Grupo Parlamentar do PCP e profesor do curso de Ciencia Política da Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnoloxías.*